# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# 2º EP

## CURSO 2018-2019

# CPI TINO GRANDÍO

Mestra: Olaya Castañón Gómez

1.- Introdución e contextualización

2.- Curriculo (Obxetivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave e Mínimos exixibles)

3.- Concreción de obxectivos do curso

4.- Temporalización

5.- Instrumentos e procedimientos de avaliación

6.- Concrecións metodolóxicas da materia

7.- Materiais e recursos didácticos

8.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

9- Deseño da avaliación inicial

10.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

11.- Medidas de atención á diversidade

12.- Actividades complementarias e extraescolares

13.- Revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Logo dunha revisión bibliográfica por algunhas das aproximacións conceptuais ó termo *programación,* en liñas xerais poderiamos definila coma un *proxecto de intervención educativa, deseñado para un grupo concreto de alumnos e para un período de tempo determinado, que ten como eixo condutor a concreción curricular establecida para o centro*. A programación será, xa que logo, unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe que atenda ós supostos particulares do devandito grupo de alumnos. Neste eido, concibimos a programación de ciclo como un conxunto de unidades de traballo ordenadas e secuenciadas para ese ciclo, nas que se explicitarán tanto as competencias básicas, coma os obxectivos, contidos, as actividades de ensinanza-aprendizaxe, as actividades e criterios para a avaliación e cualificación, a atención á diversidade, etc.

Esta Programación, deseñada para o 2º curso de EP, basada na normativa vixente en materia de educación para Galicia, a saber: *Ley Orgánica* 8/2013, de 9 de diciembre para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e en Galicia establece o seu currículo nesta etapa educativa mediante o **Decreto 105/2014** de 4 de setembro (DOG do 9 de setembro).

## 1.1.- TIPO DE CENTRO. CARACTERÍSTICAS

Este centro está constituído por tres sectores educativos diferenciados e interrelacionados:

| | |
|---|---|
| Ed. Infantil | 3 unidades |
| Ed. Primaria | 6 unidades |
| Ed. Secundaria | 4 unidades |

## 1.2.- SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO.

- **Profesorado:**

| NIVEL | NÚMERO E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| Ed. INFANTIL | 3 profesores. |

| | |
|---|---|
| Ed. PRIMARIA | 6 profesores titores.<br>1 especialista de música.<br>1 especialista de inglés<br>1 especialista de educación física<br>1 profesor de pedagoxía terapéutica<br>1 A L compartido<br>1 profesor de Relixión tamén compartido. |
| Ed. SECUNDARIA | 20 profesores<br>1 profesora de Relixión de ESO compartida<br>1 orientadora<br>1 profesor de pedagoxía terapéutica |

## Alumnado:

| NIVEL | NÚMERO |
|---|---|
| Ed. INFANTIL | 32 alumnos |
| Ed. PRIMARIA | 58 alumnos |
| Ed. SECUNDARIA | 56 alumnos |

## Persoal non docente.

O persoal non docente que desenvolve o seu traballo no centro é:

- un conserxe
- unha administrativa
- unha cociñeira
- axudante de cociña
- persoal de limpeza

## Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as

Cóntase cunha asociación non moi representativa en canto a número de membros, pero si en canto a participación coa vida do centro. Dita asociación colabora co centro en todo o que está na súa man: achegas económicas, organización de actividades extraescolares, vixilancia de comedor, organización do Entroido e todo aquilo que se lle solicita puntualmente.

## Infraestrutura do centro

É importante salientar que algunhas das dependencias (ximnasio, aula de música e comedor), son utilizadas por todos os alumnos do centro o que fai necesario unha organización de tempos e espazos así como unhas normas claras que permitan a convivencia dos tres sectores educativos implicados.

O centro dispón dun espazo para biblioteca para Infantil, Primaria e Secundaria. Cun Equipo constituído por profesores das tres etapas educativas e un proxecto común ó que lle foi concedido un Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

Así mesmo contamos con dúas aulas de Informática, unha de Infantil e Primaria e unha de secundaria.

## A aula de 2º de primaria

No presente curso, 2º de educación primaria conta cun total de 12 nenos e nenas. Non contamos con alumnado repetidor nin alumnado que presente necesidades educativas especiais referidas a problemas específicos de aprendizaxe. Aínda que algúns desenvolveron a lectura moi tarde e aínda lles costa moito ler.

No que a dotación material se refire, cabe destacar que a aula conta cun espazo físico suficiente para dar cabida ao alumnado, reciben unha boa iluminación natural e as mesas e cadeiras están en bo estado, así como o resto do mobiliario. Está dotada con equipo informático, cun encerado dixital e un canón proxector.

Tamén existe, asemade, suficiente material bibliográfico para desenvolver as tarefas pedagóxicas diarias.

## 1.3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE 2º DE E.P.

### Desenvolvemento afectivo

- Aínda teñen unha dependencia forte dos referentes máis significativos (pais, profesores…).
- Desenvolven os sentimentos e melloran o seu control emocional.

### Desenvolvemento psicomotor

- Consolidan o esquema corporal.
- Controlan as condutas motrices de base: equilibrio e coordinación.
- Dominan as condutas perceptivomotrices: estruturación espacial e temporal.
- Perfeccionan a psicomotricidade grosa e fina.

Estas características son básicas para a adquisición da madurez lectoescritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

## Desenvolvemento cognitivo

- Apóianse nun estadio de operacións concretas, o que supón a necesidade de manipular para chegar á adquisición de conceptos, aínda que estes sexan elementais.
- Pasan da intelixencia práctica intuitiva á operativa, coñecen a través da súa experiencia persoal e van evolucionando cara ao coñecemento sistemático.
- Seu pensamento é sincrético e analóxico, polo que establecen analoxías sen realizar análises nin deducións: proceden indutiva e intuitivamente.
- Desenvolven a curiosidade intelectual e a capacidade de atención e observación.
- Acadan a concepción do espazo e do tempo de maneira elemental e desde a súa experiencia.
- Desenvolven funcionalmente a linguaxe como medio de pensamento e intercambio social.
- Melloran no coñecemento de feitos e no de procesos.

## Desenvolvemento da personalidade

- Afianzan o concepto e a estima que teñen deles mesmos.
- Van perfilando o seu carácter e vanse aclimatando á escola.
- Desenvolven a súa estima polos demais.

## Desenvolvemento social

- Desenvolven o seu proceso de socialización.
- Posúen os hábitos básicos para a vida social, polo que son capaces de entender e respectar as normas de convivencia.
- A súa resposta á emulación é positiva.
- Desenvolven o interese polas características dos demais e polas relacións de grupo.

Curriculo (Obxetivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave e Mínimos exixibles)

## 2. CURRÍCULO (OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES.

## Ciencias da Natureza

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | |
|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA** | | | | | |
| b<br>e<br>h<br>i<br>j | B1.1. Iniciación á actividade científica.<br>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. | B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas eten iniciativa na toma de decisións. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE | Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas |
| a<br>b<br>c<br>m | B1.5. O traballo cooperativo.<br>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.<br>B1.7. Hábitos de *traballo*, esforzo e responsabilidade. | B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo respetando os compañeiros/as, o material. |
| **BLOQUE 2. O SER HUMANO E SAÚDE** | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - b<br>- e<br>- d<br>- h | - B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano.<br>- B2.2. Relación co medio e co seu contorno. | - B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | - CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. | CMCCT<br>- CCL<br>CSC | - Identifica e describe as partes do corpo humano diferenciándolo doutros seres vivos. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp. clave | |
|---|---|---|---|---|---|
| k<br>m | B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.<br>B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.<br>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos. | | CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. | CMCCT | Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. |
| | | | CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | CMCCT<br>CSC<br>CCL | |
| a<br>b<br>d<br>h<br>k<br>m | B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.<br>B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen. | B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. | CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. | CMCCT<br>CSC<br>CAA | |
| | | | CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. | CMCCT<br>CSC | Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. |
| b<br>c<br>e<br>h | B2.8. Pirámide alimentaria.<br>B2.9. Alimentos diarios necesarios.<br>B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. | B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. | CMCCT | . Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. |
| **BLOQUE 3. OS SERES VIVOS** | | | | | |
| g<br>e<br>l | B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes.<br>B3.2. Identificación das características e dos | B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao | CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. | CMCCT<br>CCL | Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes do deu contorno máis próximo |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| | comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | seu medio, tendo en conta o seu contorno. | - CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. | - CMCT<br>CCL | - Identifica e describe animais e plantas do seu contorno. |
| - b<br>- c<br>- e<br>- h<br>- i<br>- j<br>- l<br>- m<br>- o | - B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...<br>- B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.<br>- B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.<br>- B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. | - B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. | - CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. | CMCCT<br>- CCL<br>- CSC | - Nomea e clasifica, a partir da observación, seres vivos do seu contorno. |
| **BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA** | | | | | |
| - a<br>- b<br>- e<br>- g<br>- h | - B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico.<br>- B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.<br>- B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. | - B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. | - CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. | CMCCT<br>- CSC<br>CCL | - Valora e aplica usos responsables da auga na escola. |
| | | | - CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. | CMCT<br>- CSC<br>CSIEE | - Reduce, reutiliza e recicla residuos na clase. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - b<br>- g | B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza.<br>- B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e | - B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | - CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situación da vida cotián. | CMCCT<br>CAA | - Recoñece os efectos da aplicación dunha forza en situación da vida cotián. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| h | | | | CSIEE | |
| | | | CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE | |
| **BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS** | | | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>m | B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas.<br>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar.<br>B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. | B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. | CMCCT<br>CSC | Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. |
| | | | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos | CMCCT<br>CSC | Coñece os oficios das persoas do seu contorno. |
| | | | CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. | CMCCT<br>CSC | Manexa obxectos simples de uso cotián. |
| a<br>b<br>h<br>i | B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br>B5.5 Coidado dos recursos informáticos. | B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. | CMCCT<br>CD<br>CCL | Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. |
| | | | CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | CMCCT<br>CD | Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. |

## Ciencias Sociais

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS** | | | | | |
| b<br>d<br>e<br>h<br>i | B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1.2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1.3.Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT | Selecciona a información relevante obtendo conclusións sinxelas e comunicandoas. |
| | | | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | CSIEE<br>CAA<br>CSC | Manifesta autonomía na planificación e execución das actividades. Iniciase no hábito de traballar dunha maneira ordenada, clara e limpa. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>c | B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. | B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, | CSC<br>CAA | Colabora cos compañeiros nas actividades colectivas respectando as ideas e opinións do resto do grupo. |

| Ob | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| d<br>m | B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.<br>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | | construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | | |
| | | B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | CAA | |
| h<br>o | B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. | B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Identifica algúns terminos propia da área. |
| **BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA** | | | | | |
| a<br>h<br>i<br>o | B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC. | B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben. | CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. | CMCCT<br>CD<br>CCL | Pon un exemplo dalgúns dos usos que, o ser humano, fai da auga. |
| | | | CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. | CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. | CMCCT<br>CD<br>CAA | Identifica con axuda os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| a<br>h<br>o | B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. | B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. | CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. | CMCCT<br>CSC<br>CCL | Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios . |
| | | B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. | CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. | CMCCT<br>CCL | Nomea os elementos e algunas das características básicas dos ecosistemas sobre os que se traballou na aula. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| a<br>h<br>e<br>o | B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. | B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. | CMCCT | Identifica algún dos elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. |
| | | | CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. | CMCCT<br>CCL | Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. |
| | | | CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. | CMCCT<br>CSC | .Coñece accións positivas para a protección do medio natural. |
| h<br>e<br>o | B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. | B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes. | CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. | CMCCT<br>CCL | Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. |
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
| h<br>e<br>o | B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. | B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. | CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. | CMCCT<br>CCL | Identifica os minerais e as rochas máis coñecidos na súa contorna e coñece algúns dos usos aos que se destinan. |
| h<br>e | B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. | B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. | CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. | CMCCT<br>CAA<br>CSIEE | Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñarndo, con axuda, posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. |
| BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - a<br>- c<br>- h<br>- o | - B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. | - B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | - CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. | - CSC<br>- CCL | - Describe a organización social da contorna mais próxima e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. |
| | | - B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... | - CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. | - CSC<br>- CCL | - Explica as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. |
| | | - B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacifica. | - CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica | - CSC<br>- CCL | |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| - a<br>- h<br>- d | - B3.2.A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,.. | - B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. | - CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. | - CSC | - Acúa cos demáis cunha actitude de aceptación e respecto . |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>h<br>j<br>o | B3.3.Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. | B3.5.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. | CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. | CSC<br>CCL<br>CCEC | Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade. |
| d<br>h<br>e | B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. | B3.6.Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. | CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. | CSC<br>CCL | Cita os cambios máis coñecidos que provocaron a evolución dos medios de comunicación. |
| h<br>g<br>o | B3.5.As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados. | B3.7.Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire. | CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. | CSC<br>CCL | Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. | CSC<br>CAA | Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| a<br>h<br>n | B3.6.Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas. | B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. | CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. | CSC<br>CCL<br>CAA | Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. |
| | | | CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. | CSC | Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. |
| BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO. | | | | | |
| h | B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. | B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. | CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. | CCL<br>CMCCT | Diferencia os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. |
| h | B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. | B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. | CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. | CMCCT<br>CAA | Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo con axuda. |
| h | B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de | B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do | CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de | CMCCT<br>CSC | Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| g | transporte,os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... | obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | | |
| | | | CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. | CCL<br>CSC<br>CMCCT | .Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna expresándoos con criterios temporais. |
| h<br>j<br>o | B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación. | B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. | CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. | CSC<br>CCEC | |
| h<br>j | B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. | B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras rtísticas. | CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. | CCL<br>CSC | Explica que é un museo e cales son as súas funcións. |
| | | | CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. | CSC<br>CCEC | |

| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
| a<br>b<br>e | B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar. | B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. | LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE | Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER | | | | | |
| b<br>e | B2.1. Lectura de distintos tipos de texto: próximos á súa experiencia. | B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil. | LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. | CCL | Le en voz alta con a entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. |
| | | | LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil. | CCL | Le en silencio textos moi sinxelos. |
| e | B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade | B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a | LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo. | CCL<br>CAA | Identifica o tema dun texto sinxelo. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario. | lectura como medio para ampliar o vocabulario. | - LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | - CCL<br>- CAA | - Distingue, de forma xeral e con axuda, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| - b<br>- e | - B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. | - B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía. | - LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. | - CCL<br>- CAA | |
| | | | - LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes | - CCL<br>- CAA | - Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións |
| | | | - LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. | - CCL<br>- CAA | - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. |
| - e | - B2.4. Gusto pola lectura.<br>- B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal.<br>- B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. | - B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. | - LCB2.4.1. Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria. | - CCL<br>- | |
| | | | - LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras. | - CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| e<br>i | B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer. | B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. | LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese. | CCL<br>CD<br>CAA | |
| a<br>b<br>e | B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. | B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia. | LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. | CCL<br>CSC | Coida, conserva e organiza os seus libros. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| - a<br>- e | - B2.9. Identificación das mensaxes transmitidas polo texto. | - B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos. | - LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC | |
| | | | - LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC | - Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos axeitados á súa idade. |
| - b<br>- e<br>- i | - B2.10. Uso guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información. | - B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. | - LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. | - CCL<br>- CD<br>- CAA | - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>m | B3.1. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos).<br>B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. | B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. | LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios… | CCL<br>CD<br>CAA | Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. |
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
| | B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.<br>B3.4. Produción de textos segundo o Plan de escritura do centro. | | LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc. | CCL<br>CAA | Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza. |
| b<br>e<br>m | B3.5. Valoración da súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | CCL<br>CSC | |
| b<br>e | B3.6. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)<br>B3.7. Textualización en frases elementais con secuencia lineal.<br>B3.8. Revisión e mellora do texto. | B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. | LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar. | CCL<br>CAA<br>CSIEE | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>i | B3.9. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómics. | B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área. | LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda…. | CCL<br>CAA | |
| | | | LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido. | CCL<br>CD<br>CAA | Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes. |

| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
| b<br>e | B4.1. A palabra.<br>B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras(nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos) Características e uso de cada clase de palabra.<br>B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro. | B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz. | LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. | CCL | Utiliza de xeito guiado o nome, artigo, adxectivo, verbo. |
| | | | LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. | CCL | Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| e | B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.<br>B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.<br>B4.5. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. | B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita. | CCL | Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita. |
| | | | LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples. | CCL | Forma palabras compostas a partir de palabras simples. |
| | | | LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples. | CCL | Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples con axuda. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B4.6. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. | B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz. | LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. | CCL | Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. |
| b<br>e | B4.7. Clases de nomes: comúns e propios.<br>B4.8. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación | B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. | CCL | Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal. | | LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. | CCL | Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. |
| | | | LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | CCL | Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. |
| e<br>i | B4.9. Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade. | B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais. | CCL<br>CD<br>CAA | |
| d<br>e<br>o | B4.10. Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL<br>CAA | |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comps clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | |
| d<br>e | B5.1. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. | B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información. | LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas | CCL<br>CCEC | Le gusta trabajar con contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - d<br>- e | - B5.2. Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.<br>- B5.3. Identificación de recursos literarios. | - B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | - LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | - CCL<br>- CAA<br>- CCEC | - Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos. |
| | | | - LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) | - CCL<br>- CAA | |
| - d<br>- e | - B5.4 Valoración de recursos literarios. | - B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. | - LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. | - CCL<br>- CCEC | |
| - b<br>- e | - B5.5 Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, e teatro. | - B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas. | - LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. | - CCL<br>- CAA<br>- CSIEE<br>- CCEC | - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. |

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|
| - a<br>- b<br>- e | - B5.6. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. | - B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade. | - LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas. | - CCL | - Reproduce cancións e poemas moi breves. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| d<br>e | B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. | B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade. | LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSC | Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade. |
| d<br>e<br>o | B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | CCL<br>CSC<br>CCEC | |

## MATEMÁTICAS

| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp clave | Minimos exixibles |
|---|---|---|---|---|---|

| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - g<br>- e | - B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas. | - B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución. | - MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. | - CMCT<br>- CCL | - Explica oralmente con axuda o proceso seguido para resolver un problema. |
| **k** | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. |
| **l** | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. |
| **m** | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |
| **n** | Incrementar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. |
| **o** | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

## 4. TEMPORALIZACIÓN

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas, etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos. De calquera xeito procurarase levar a cabo ás 5 unidades didácticas en cada trimestre. Desenvolvendo un total de 15 unidades ao longo do curso.

## 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

A avaliación é un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análise da práctica docente e dos procesos de ensino e, análise do propio Proxecto Curricular.

### Modalidades

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu **comezo**, o que require unha avaliación inicial previa.

- **Avaliación sumativa,** que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

Segundo se recolle na Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Os resultados da avaliación do alumnado de Educación Primaria expresarase nos seguintes termos: insuficiente (IN), suficiente (SF), ben (B), notable (NT) e sobresaliente (SB).
- As sesións de avaliación serán coordinadas polo titor, asistirá o profesorado que imparte docencia no grupo e poderá contar co asesoramento do Departamento de Orientación.
- Ao longo do curso haberá tres sesións de avaliación e recollerase na acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e os acordos acadados.
- Os alumnos con ACIs terán como criterios de avaliación os establecidos nas mesmas.

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A fin de establecer un punto de partida que se axuste á realidade do noso alumnado, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

**Que valorar:**

- Rendemento do alumno na etapa anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.
- etc.

**Como obter a información:**

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario previo aos alumnos.
- Entrevista individual.
- Cuestionario aos pais.
- Entrevista con pais.
- etc.

Procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de aprendizaxe:

**Observación sistemática:**

- Escala de observación.
- Rexistro anecdótico persoal.

**Análise das producións dos alumnos:**

- Caderno de clase.
- Textos escritos.
- Producións orais.

**Intercambios orais cos alumnos:**

- Diálogo.
- Entrevista.
- Postas en común.
- Asembleas.

**Probas específicas:**

- Obxectivas.
- Abertas.
- Exposición dun tema.
- Resolución de exercicios.
- Autoavaliación.
- Coavaliación.

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os principios nos que se basea esta proposta son os seguintes:

### Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais,
- etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

### Desde a perspectiva psicolóxica

a) *Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado*.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b) *Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas*.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

c) *Favorecer a aprendizaxe autónoma*.

- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

d) *Potenciar a actividade*.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

## Desde a perspectiva pedagóxica

a) *Partir da avaliación inicial, específica e global*.

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.

- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) *Motivar axeitadamente*.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

c) *Analizar os esquemas previos de coñecemento*.

- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

d) *Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos*.

- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

## Desde a perspectiva sociolóxica

a) *Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula, como microsociedade viva, xermolo das futuras relacións da vida real*.

- De relacións afectivas e efectivas.
- De roles: líderes, rexeitados, etc.

b) *Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados*.

- Facilitando a comunicación —diálogo—, como base da comprensión (práctica de técnicas intragrupais de dinámica de grupo).
- Propiciando a interrelación cos demais grupos (práctica de técnicas intergrupais).

- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.

c) *Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras*.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
- Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.
- Construíndo unha cultura común.

En resumo, poderiamos compendialos nos seguintes principios metodolóxicos:

- Respecto das leis da maduración.
- Comunicación e apertura.
- Individualización e autonomía.
- Socialización.
- Secuenciación.
- Flexibilidade.
- Aprendizaxe construtivo-significativa.
- Formación de hábitos e actitudes.
- Coordinación coa familia.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.

- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

- O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.

- adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

- O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.

- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

- A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.

- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.

- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

- O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

- A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

- O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

- O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

A metodoloxía estará baseada na pedagoxía activa, aprendizaxe a partir da propia experiencia. Partirase dos coñecementos previos que teñen, plantexando actividades nas que poidan aportar desde a súa propia experiencia, o que lles dará seguridade e confianza. Aceptaranse as súas propostas como válidas, reafirmando as súas aptitudes naturais (aprendizaxe significativo).

Aplicaranse a situacións diferentes da vida cotiá os novos coñecementos. A motivación terá un papel moi importante.

Respectarase o rimto de traballo e a asimilación persoal (ensinanza individualizada), como un elemento moi importante, tanto de aqueles nenos con n.e.e. como daqueles con capacidades superiores.

Utilizarase o xogo como unha maneira máis de aprender. A súa práctica conleva ao desenvolvemento social da personalidade e fomenta a adquisición de actitudes, valores e normas. Aporta un alto grao de motivación e riqueza de valores educativos por si mesmo.

As funcións do mestre/a serán:

- Crear un clima relaxado e un ambiente de confianza, sen tensións, que propicie o manifestarse libremente de forma persoal. Valores de deshinibición, búsqueda e exploración.
- Será un dinamizador que suxerirá propostas que relacione coñecementos previos con novos, encauzará as actividades ata formas creativas e participativas.
- Permitirá o uso de estratexias persoais.
- Facilitará o desenvolvemento das propostas dos nenos.
- Potenciará a cooperación e o respecto.

É moi importante o papel da familia na educación, xa que é onde o neno realiza o seu desenvolvemento básico. É fundamental segurar a conexión da educación familiar e escolar conscientes da súa influencia no desenvolvemento da personalidade do alumnado. Intentarase que tanto pais coma nais, participen activamente na educación dos seus fillos.

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplicalos a situacións e contextos variados.

Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.

- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.

- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiran a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).
- Favorecer o traballo cooperativo e apráctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.

- Na educación primaria deberán utilizarse dúas estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.
- A metodoloxía proposta, que será global, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.
- A autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado forma parte fundamental das prácticas educativas actuais.
- Os modelos de ensino-aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.
- A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.
- Por conseguinte, o alumnado reorganizará os seus coñecementos, coa axuda do grupo, á luz da nova información.

Cómpre utilizar, pois, na escola, métodos que lles permitan aos rapaces e ás rapazas identificar a necesidade de información, localizala, seleccionala e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado.

Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

No proceso o rol do profesorado é moi importante: actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto en que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

## - PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN.

A miña programación terá en conta os seguintes **principios básicos de actuación**:

-Partir dos intereses e do nivel de desenvolvemento dos nenos. Terase en conta as súas características, necesidades, o estadio evolutivo no que se atopa, os diferentes ritmos de maduración, (xa que ás veces hai desfases entre a idade cronolóxica e a biolóxica, deberemos ter en conta a idade biolóxica).

-Buscarase como primordial a consecución na aula dun clima de relación afectivo, de seguridade e confianza mutua, na que haxa unha boa relación entre alumnos e destes ca profesora. Será a base sobre a que se irán asentando as diversas aprendizaxes que me propoño.

-Proposta de actividades diversas que podan satisfacer as diferentes características e necesidades dos alumnos.

-Buscarase unha participación activa por parte dos nenos, xa que é precisa para a consecución de aprendizaxes significativas como dixen antes.

-Evitaranse actividades de eliminación, para que a ensinanza sexa activa e participativa.

-Predominarán as actividades en forma de xogo, elemento que centra a atención nestas idades e que está considerado como un estupendo recurso metodolóxico apropiado para acadar os obxectivos propostos nesta etapa educativa.

-Evitarase a competitividade, facendo ver ós alumnos a importancia da participación por riba do resultado.

-A progresión nas actividades será de dificultade crecente, indo do fácil ó difícil, do pouco ó moito.

-Empregaranse distinto tipo de agrupacións, segundo as actividades propostas empregarase o traballo individual, en parellas, trios, pequeno grupo ou gran grupo.

-Empregarase un vocabulario claro e sinxelo, dando as explicacións precisas dende unha posición externa ó grupo e captando a atención dos alumnos. Sendo importante para certas demostracións e explicacións o uso da pizarra.

Considero importante neste eido da metodoloxía a interrelación da nosa área coa temática do **proxecto de biblioteca e do departamento de medioambiente**; asi como co intre anual vivido e commemoracións marcadas no calendario, así seguir o principio de globalización facilitando que as aprendizaxes sexan máis significativas.

As **sesións** constan de 3 partes diferenciadas: animación, parte principal e volta á calma.

Sinalar a importancia na metodoloxía dos **materiais e recursos** empregados, que sexan variados, novedosos, económicos, motivadores, que se adapten a diversidade do noso alumnado. Haberá recursos habituais nas clases de E. Física (como pelotas, aros, picas ...) e outros "non habituais" (como envases de plástico, rodas, xornais...).

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que se vai contar para levar a cabo esta programación son de tres clases: ambientais, materiais e humanos.

En canto ós recursos materiais, a aula conta con unha pequena dotación de material: encerado, diversos libros, biblioteca de aula, xogos didácticos, e dous grandes corchos dispostos ós lados da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as.

Dentro dos recursos humanos ademáis cóntase co apoio dos/as docentes especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical,

Educación Física e Relixión. Tamén se conta coas familias e con algunha visita que poda vir á aula para expoñerlles algo ao alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

En canto aos recursos ambientais, principalmente as clases realizaránse na aula, a excepción da hora semanal destinada ó uso dos ordenadores na sala de informática, e a hora destinada ó uso da biblioteca, ademáis de que se poderá contar puntualmente con outros espacios para levar a cabo algunhas das clases, como a pista polideportiva, o patio de recreo ou outras dependencias do centro.

Os distintos materiais e recursos didácticos serán: libros de texto cadernos complementarios, libretas, material didáctico para a ensinanza das lenguas, matemáticas e coñecemento (regretas, ábacos, xogos de asociacións, láminas…) xogos educativos, biblioteca de aula e material funxible.

En cada unidade didáctica veñen especificados os distintos recursos disponibles para utilizar.

## Materiais

**LIBROS DE TEXTO (editorial Santillana)**

**RECURSOS VARIOS**

- Material de aula:

Guía didáctica.
Lámina correspondente á unidade. Material elaborado polo docente.
Biblioteca de aula.

- Recursos fotocopiables:

Fichas reforzo e ampliación. Fichas de razoamento verbal.
Fichas de desenvolvemento da intelixencia. Fichas de control e avaliación.

- Recursos multimedia:

CDs da editorial SM, proxectos SAVIA e CELME, Programa CLIC.
CDs de audio.

-Internet. Páxinas web:

- www.educared.net
- www.edu.xunta.es
- www.cnice.mec.es
- www.needirectorio.com
- www.tadega.net
- www.educarm.es

## 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Consideramos que no 2º Curso, debido á idade na que se atopa o alumnado e á súa madurez, o máis importante é o traballo diario, a constancia, o esforzo e a actitude xeral na clase; non crendo que limitar a nota a unha soa proba sexa demasiado obxectivo para estes alumnos/as, razón pola que establecemos os seguintes criteriosde cualificación atendendo a tres cuestión clave:

- Traballo diario: 60 %
- Comportamento: 25 %
- Proba ou exame: 15 %

Así, con estes criterios primará a observación diaria e a recompilación e análise do traballo feito na clase e na casa polo alumnado.

## 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Segundo queda recollido *no art. 4, 3,4*. da *Orde pola que se regula a avaliación en Primaria do 9 de xuño de 2016):*

*Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas.*

*Esta avaliación incluirá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completarase coa información obtida das familias.*

*A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumno ou alumna.*

### Instrumentos para a realización da avaliación inicial.

- **Preparación por parte da persoa titora.**

Recoller os datos máis relevantes da enquisa inicial cuberta polo alumnado e tentar determinar as características esenciais do grupo: número de repetidores/alumnado con asignaturas pendentes/alumnado que ven no transporte escolar/alumnado con dificultade de aprendizaxe/con posibilidade de estar nunha situación de desventaxa sociofamiliar ou con n.e.e./hábitos de

estudio/actitudes/problemas de convivencia no grupo/outras que o titor/a considere permanente comunicarlle ao profesorado....

O titor/a pode obter información a través de:

- Enquisa Inicial cuberta polo alumno/a.
- Revisión dos Informes Individualizados dos cursos anteriores.
- Actividades de Titoría (pódese dedicar unha sesión de titoría a que o alumnado valore a situación do grupo).
- Outras técnicas: observación, entrevistas....

- **Preparación por parte do equipo docente do grupo**

Cada mestre/a realizará previamente probas/tarefas para coñecer o nivel dos seus alumnos/as, tanto no que se refire a conceptos básicos como habilidades, actitudes e procedementos.

Reflexionar, de cara a informar ao titor/a e o resto do equipo docente, sobre certos aspectos grupais ou individuais que lle resultasen importantes ou, cando menos curiosos, de cara a esta avaliación inicial das necesidades dos grupos e dos alumnos/as.

### Sesión de avaliación inicial

A xuntanza realizarase para o ciclo e a ela acudirá todo o profesorado que imparta docencia no ciclo, ademais da orientadora e o xefe de estudios, a mestra de P.T. e a de A.L. O profesor/a titor/a será o encargado de dinamizar a sesión do grupo que lle corresponda.

Asimesmo cubrirá a acta da sesión cos acordos tomados e entregará unha copia ao Xefe de Estudios.

Despois da reunión de avaliación, o titor/a terá en conta as conclusións xerais obtidas para transmitilas na reunión inicial cos pais ou titores legais e informará nos casos necesarios á familia dun alumno/a en particular.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Como ben quedaba recollido na introdución, a programación de ciclo é unha proposta didáctica aberta e flexible. É xustamente este carácter *aberto* o que explica que o documento estea en constante revisión a fin de axustarna medida do posible-, o programado coas necesidades e intereses do noso alumnado. Para elo faise necesario avaliar o plantexamento pedagóxico e

didáctico polo que ao final de cada curso, o equipo docente do ciclo, tería que elaborar un sinxelo informe no que se valorase o grao de realización da Programación e a súa adecuación ós obxectivos que se perseguen.

A modo de síntese algúns dos criterios de avaliación desta Programación poderían ser (Álvarez, 2004):

| CRITERIO | DESCRITOR | GRAO DE CONSECUCIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| *Eficacia* | Relación entre o previsto e o alcanzado. | | | | | |
| *Eficiencia* | Relación entre o alcanzado e os medios aplicados. | | | | | |
| *Satisfactoriedade* | Relación entre o desexable e o existente. | | | | | |
| *Suficiencia* | Relación entre os obxectivos e as necesidades. | | | | | |
| *Pertinencia* | Adecuación ás necesidades establecidas. | | | | | |
| *Coherencia* | Grao de consistencia das propostas. | | | | | |
| *Obxectividade* | Adecuación a principios científicos. | | | | | |
| *Aplicabilidade e funcionalidade* | Capacidade de solución. | | | | | |
| *Actualización* | Grao de adecuación a situacións reais. | | | | | |

A análise e reflexións sobre as conclusións ás que se cheguen logo desta avaliación serán os puntos de partida para mellorar a Programación de Ciclo do curso seguinte.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema

educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Segundo recolle a **LOE** no **TÍTULO II** de **Equidade da Educación**, no **Capítulo I** sobre o **alumnado con necesidade específica de apoyo educativo**, no **art. 72.3** "*os centros contarán coa debida organización escolar e realizarán as adaptacións e diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos*"

O **Decreto 130/2007 de 28 de xuño**, que establece o **Currículo da Educación Primaria en Galicia** estipula no seu **art. 15** de **Atención á diversidade** que, a intervención educativa atenderá á diversidade do alumnado, centrándose nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar n.e.e., dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro educativo deberá por en funcionamento as medidas de R.E. que se consideren máis convenientes, tanto organizativas como curriculares: apoio dentro ou fora do grupo, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.

As medidas de atención á diversidade son entendidas como aquelas medidas organzativas que intentan dar resposta ás necesidades educativas dos alumnos das nosas aulas. Poden ser ordinarias e extraordinarias e todas están desenvolvidas dentro do marco de atención golbal do centro, en coherencia co P.E.C. o P.C.C. e o Decreto 320/1996 que regula a escolarización dos alumnos con n.e.e. e a Orde do 6 de outubro de 1995 que regula a adaptación do currículo nas ensinanzas de rexime xeral.

Como **medidas ordinarias** consideramos as medidas de intervención educativa que non modifican os elementos prescritivos da escolarización ben sexan elementos curriculares ou organizativos:

- Reforzo educativo apoio

Como **medidas de intervención educativa extraordinarias** consideramos aquelas que modifican elementos prescritivos da escolarización ben curriculares ou organizativos:

- Adaptacións curriculares

▪ Prórroga ou redución de permanencia un ano máis nunha etapa educativa.

Neste curso contamos coas seguintes medidas de atención á diversidade:

- Apoio será levado a cabo polo titor do grupo e un profesor do mesmo nivel.

- Reforzo Educativo será impartido polo propio profesor titor, e naqueles casos que se precise unha atención máis individualizada (alumnado con Necesidades de Atención Educativa) contarase coa intervención da especialista en P.T., dentro e/ou fóra da aula segundo as necesidades específicas do alumnado e o criterio do titor/a.

- A Adaptación Curricular será levada a cabo polo mestre titor e os especialistas implicados, a profesora de P.T. e a de A.L. Consideramos ACI cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender ás diferencias individuais dos nosos alumnos. O equipo ou profesor, ao establecer cada adaptación, deberá deteminar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia.

Por outra banda, terase en conta o alumnado procedente doutros países remitíndonos ao Plan de acollida de alumnado estranxeiro con referencia á Orde do 21 de febreiro de 2004, para alumnado destas características de nova incorporación.

## Apoios. Estratexias de intervención.

Partindo do Plan Xeral de Atención á Diversidade deseñado polo Departamento de Orientación, tomaremos como referente un modelo integrador no que se teñan en conta elementos que interveñían no proceso educativo o e seu carácter interactivo.

Para levar a cabo este modelo no que se pretende implicar a toda a comunidade escolar, e considerando que os axentes básicos de toda actividade educativa son os profesores-titores, resulta fundamental contar coa súa colaboración, tanto na orientación persoal coma na orientación dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Esta colaboración concéntrase por unha banda, a través da potenciación e dinamización da función titorial, entendida como facilitadora dun mellor coñecemento do alumnado e, por outra banda, no que se refire ao preceso de ensinanza-aprendizaxe, a través da axuda que se presta ao alumnado para que a súa aprendizaxe sexa máis eficaz e satisfactoria. Todo isto repercutirá nunha maior eficacia no desenvolvemento integral dos alumnos/as.

Para o desenvolvemento deste traballo utilizaranse unha serie de documentos internos coa finalidade de recoller información, rexistrar observacións, detectar problemáticas, rexistrar resultados de avaliacións académicas e psicopedagógicas, facilitar pautas e tomar decisións que se consideren máis oportunas.

O proceso de avaliación psicopedagógica debería ter a seguinte secuencia:

1. Demanda.
2. Concertación de entrevista co/a profesor/a titor/a. Observación de cadernos de traballo do alumno/a.
3. Entrevista.
4. Primeria valoración.
5. Entrevista cos pais (se fixese falta) e deseño e intervención provisional en colaboración co profesor-titor.
6. Intervención directa (alumnoa/a – orientador), previa conformidade dos pais/titores legais coa finalidade de realizar unha valoración psicopedagógica máis exhaustiva:
    - Observación do alumno/a en distintas situacións.
    - Recollida de información do resto do profesorado.
    - Realización de avaliación a través de probas e test.
    - Valoración e resumo da intervención.
    - Deseño de intervención consensuada en reunións co profesorado implicado e adopción de medidas educativas necesarias.
    - Se a situación o require, realizarase o correspondente informe psicopedagógico.

Preténdese, por unha banda, desenvolver actuacións preventivas e potenciadoras e, por outra, actuacións correctivas nos casos que así o precisen. Ao mesmo tempo manterase unha estreita colaboración con outros servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado, cos servizos sociais, de sanidade, etc., coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación e de evitar posibles disfuncións que se poideran producir por falla de coordinación.

## Organización dos apoios

O D.O. estableceu as seguintes prioridades á hora de organizar os apoios segundo as necesidades educativas do alumnado:

- Dar prioridade aos alumnos/as con necesidades específicas.
- Prestar atención aos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe que requiran apoio especializado, dando prioridade aos alumnos/as dos primeiros niveis.

- Os apoios faranse normalmente nas aulas ordinarias, xunto co resto do alumnado.
- En casos excepcionais os apoios poderán levarse a cabo fóra da aula ordinaria, cando así se contemple na correspondente adaptación curricular e non excedendo en ningún caso un terzo da xornada escolar.
- A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos/as e a dinámica do Centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- Os alumnos/as suxeito de reforzo educativo e que non poidesen ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do profesorado do nivel, ciclo ou niveis máis afíns.

Este reforzo pode ser:

- Feito polo profesor-titor dentro da aula ordinaria coa aportación da orientación e profesora de P.T e A.L., do material necesario, introducindo as modificacións metodolóxicas preciasas (equipos de traballo en pequenos grupos, poñendo alumnos/as con dificultades don outros de dificultades ou homogéneos).
- Apoio en agrupamentos flexibles, de carácter temporal, previa autorización de inspección educativa. Os agrupamentos flexibles pódense organizar nas áreas e horas segundo o horario de clase (trátase de reforzar matemáticas na hora de matemáticas, lingua na hora de lingua…).

Co obxecto de establecer unha valoración inicial para alumnado que necesita recuperar pendentes de cursos anteriores, realizaranse probas inicias que marcarán o punto de partida para o seu tratamento individualizado Esta valoración farase en colaboración co equipo de orientación do centro, quen determirará o mellor proceder en cada caso.

Segundo as características do alumnado que teña pendentes algunhas materias do curso ou cursos anteriores seguirase o seguinte procedemento:

1.- Analizar as dificultades que presenta o alumno/a e as causas da súa repetición.

2.- Segundo estas dificultades tomaremos as seguintes medidas: Apoio dentro e/ou fóra da aula polo mestre de PT/AL. Apoio dentro da aula por un mestre de apoio. Apoio individualizado impartido polo mestre – titor:

- Adaptación dos contidos ao seu nivel de competencia curricular.
- Adaptación dos contidos ás súas características persoais e sociais.
- Adaptación de elementos non prescriptivos do curriculum:

  - Secuenciación de contidos.
  - Adecuación da metodoloxía.
  - Adecuación das formas e instrumentos de avalización.

- Adecuación da organización da aula.
- Adecuación de recursos e materiais necesarios para a súa aprendizaxe.

3.- Despois da repetición de curso e esgotadas todas as medidas ordinarias, reunirase o equipo docente para tomar a decisión da realización dunha posible adaptación curricular individualizada.

## Adaptación da Programación Xeral ás diferencias individuais no grupo

As modificacións na programación do traballo de aula, a través da variedade de ritmo e actividades, permiten a atención individualizada a cada alumno. Constitúen, xunto coa optatividade o recurso de individualización máis frecuente. En termos xerais contémplanse dentro deste apartado todas aquelas medidas que se encamiñan a diversificar o proceso de aprendizaxe con amaño ás diferencias persoais dos alumnos en canto a estilos de aprendizaxe, capacidades, intereses e motivacións.

Englóbanse dentro deste capítulo as medidas referentes a agrupamentos, contidos, actividades, metodoloxías, materiais curriculares específicos e avaliación.

## Actividades

As actividades son a maneira máis activa de levar a cabo as experiencias de aprendizaxe.

O desenvolvemento das actividades de maneira axeitada é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos propostos e a asimilación dos contidos.

Nas actividades abordaranse os contidos explícita ou implícitamente, a través do uso do espacio, os recursos, as persoas que participan, o tipo de agrupamento, o tipo de tarefa, etc.

Estas actividades, ademáis, caracterizaránse polo seu tratamento globalizado e ser socializadoras, significativas, dinamizadoras, motivadoras, atractivas e lúdicas, individuales ou grupales.

As actividades seguirán o seguinte orden: vivenciación, verbalización, simbolización e representación. Levaránse a cabo durante os tres trimestres aumentando progresivamente en complexidade.

Estas actividades serán as seguintes:

- **Rutinas de entrada e de saída**: os nenos e nenas de 2º curso veñen adaptados a unha maneira de traballar rutinaria, e é necesario que

certas actividades se fagan sempre de maneira repetitiva, como o feito de colgar os abrigos, sentarse, saudarse ó principio de clase, asemblea, repartir os libros por turnos de encargados, coller os estoxos, poñerse na fila, sempre nunha orde predeterminada, e saír en fila, e antes de saír, recoller todo o material usado.

- **De motivación**: ó comezo de cada unidade didáctica, contaráse un conto sempre relacionado co centro de interese da devandita unidade; outras actividades poden ser observar murais, ver fotos, concertos ou películas, plantexar un reto...

- **De afianzamento**: realizaranse actividades que servirán para acadar e afianzar os contidos e as competencias básicas, tales como as propostas nos libros de texto como outras creadas polo profesor.

- **De reforzo**: contaremos sempre con fichas e materiais preparados que servirán para reforzar contidos e competencias, e estarán estreitamente relacionadas cos temas a tratar en cada unidade didáctica. Servirán para reforzar e axudar a aqueles nenos que así o precisen, aínda que poderán ser realizadas por todos.

- **De ampliación**: ao remate das unidades disporemos de diversas activades que servirán para ampliar os coñecementos adquiridos e permitirán estimular a curiosidade e as ganas de aprender e experimentar por parte dos nenos.

### Actividades de recuperación en Lingua galega e castelá

A atención á diversidade contémplase en dous niveis: na metodoloxía proposta e nos materiais.

Atención á diversidade na metodoloxía: a propia concepción instrumental da lingua promove un ensino que parte das experiencias e dos usos individuais da linguaxe. Así se manifesta nos programas de Expresión oral, Composición e Comunicación, nos que as experiencias previas dos alumnos servirán de punto de partida.

Atención á diversidade nos materiais: realizarase un traballo totalmente individualizado tanto na selección dos contidos como no ritmo de aplicación.

### Actividades de recuperación en matemáticas

Dado que hai diferencias no ritmo de aprendizaxe dos alumnos, imponse realizar actividades que atendan a esta actividade. A atención á diversidade contemplámola en tres planos: na programación, na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na programación: a programación ha de ter en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo os contidos.

Por iso debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao final do ciclo.

Atención á diversidade na metodoloxía: baséase en dous principios:

- Procurar que a velocidade de aprendizaxe a marque o propio alumno.
- Tentar que a comprensión do alumno en cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar co resto de contidos.

Atención á diversidade nos materiais: a utilización de recursos didácticos que facilitan a atención particularizada a cada alumno ten especial incidencia na creación de dúas modalidades básicas de actividades: aquelas que se destinan ao reforzo de certos contidos e as que facilitan a ampliación dos coñecementos fundamentais.

### Actividades de recuperación en Ciencias de la Naturaleza y Ciencias Sociales

Atención á diversidade na programación: a variedade dos conceptos tratados e a amplitude de cada unha das tarefas desenvolvidas nos temas permite ao profesorado intervir no proceso de aprendizaxe de forma activa, alterando a orde dalgunhas tarefas, eliminando ou engadindo; desta forma pódese atender tanto aos alumnos que requiren reforzo de contidos como aos que requiren a súa ampliación. As actividades foron cuidadosamente revisadas para que sexan fáciles de realizar por todos os alumnos. Poderanse reforzar algúns coñecementos mediante a conversación, o diálogo e investigacións sinxelas que servirán de ampliación

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Considéranse actividades complementarias aquelas que se realizan en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espacio ou recurso que se utiliza nelas. Exemplos de actividades complementarias son visitas, traballos de campo, conmemoracións...

Estas actividades deben figurar na programación xeral anual (conforme ao disposto no *D. 374/1996 polo que se establece o Reglamento Orgánico dos centros de EI e EP e na O. de 22 de Xullo que o complementa*).

A participación nelas é voluntaria e requerirá a autorización do Consello Escolar, autorización por escrito dos pais ou titores legais, e ir nunha proporción dun docente por cada 25 alumnos e alumnas, cando estas se desenvolvan fóra do Centro Escolar. O alumnado que non asista será atendido por parte doutro profesorado.

As actividades extraescolares son as que, organizadas polo propio centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións, etc, figuran na PXA e son realizadas fóra do horario lectivo. A participación nelas tamén é voluntaria, e os seus contidos non son en ningún caso iguais ou similares aos da ensinanza oficial do currículo.

Cando excepcionalmente se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na PXA será necesaria a súa aprobación polo equipo directivo, despóis do informe favorable (se fose o caso), do equipo que coordina este tipo de actividades e contarán coa autorización do Consello Escolar.

Estas actividades, ao non formar parte do currículo oficial, non son susceptibles de avaliación académica.

As actividades complementarias que se van a levar a cabo nesta programación son as seguintes:

No primeiro trimestre, o samaín, o magosto, no mes de novembro.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 25 de novembro de 2015: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 1 ao 11 de decembro de 2015: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2015: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2016: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2016: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo de 2016: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2016: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2016: Día do Libro.
- 7 de abril de 2016: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio de 2019: Día de Europa.

- Do 9 ao 17 de maio de 2019: Semana das Letras Galegas.

- 5 de xuño de 2016: Día Mundial do Ambiente.

Ademáis de todas estas actividades, non se descarta que se leven a cabo outras actividades non planificadas e que puideran xurdir por diversos motivos (actuacións, concertos, exposicións...).

## 13. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación está en constante revisión e modificación, segundo o tempo e as necesidades do alumnado.Co obxecto de establecer unha valoración inicial para alumnado que necesita recuperar pendentes de cursos anteriores, realizaranse probas inicias que marcarán o punto de partida para o seu tratamento individualizado Esta valoración farase en colaboración co equipo de orientación do centro, quen determirará o mellor proceder en cada caso.

Segundo as características do alumnado que teña pendentes algunhas materias do curso ou cursos anteriores seguirase o seguinte procedemento:

1.- Analizar as dificultades que presenta o alumno/a e as causas da súa repetición.

2.- Segundo estas dificultades tomaremos as seguintes medidas: Apoio dentro e/ou fóra da aula polo mestre de PT/AL. Apoio dentro da aula por un mestre de apoio. Apoio individualizado impartido polo mestre – titor:

- Adaptación dos contidos ao seu nivel de competencia curricular.
- Adaptación dos contidos ás súas características persoais e sociais.
- Adaptación de elementos non prescriptivos do curriculum:

  - Secuenciación de contidos.
  - Adecuación da metodoloxía.
  - Adecuación das formas e instrumentos de avalización.
  - Adecuación da organización da aula.
  - Adecuación de recursos e materiais necesarios para a súa aprendizaxe.

3.- Despois da repetición de curso e esgotadas todas as medidas ordinarias, reunirase o equipo docente para tomar a decisión da realización dunha posible adaptación curricular individualizada.